

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026111	CRA de Narón	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Descubrimento e exploración da contorna	4º Inf.	8	280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

Coa área de Descubrimento e Exploración da Contorna pretendemos que o alumnado do 4º curso de EI teña un proceso de achegamento, comprensión, observación e exploración dos elementos físicos, naturais e sociais da contorna mediante unha interacción dinámica e manipulativa que lle permita unha mellor comprensión do mundo que lle rodea.

Entendemos que a planificación destes tres ámbitos de aprendizaxe pasa polas seguintes dinámicas.

En canto aos elementos físicos, brindamos ao alumnado situacións de exploración das propiedades e características dos elementos identificando, agrupando e establecendo relacións entre os mesmos. Imos sentando as bases do pensamento científico coa indagación, a iniciativa individual e o plantexamento de hipóteses sobre o comportamento dos elementos que nos rodean. Sen obviar, certamente, o pensamento computacional como cimento na resolución de problemas mediante a secuenciación.

Do mesmo xeito planificamos a relación cos elementos naturais de xeito manipulativo e experimental, cunha aprendizaxe baseada na experimentación, pero fundamentalmente no coidado, respecto e sustentabilidade do medio que só se pode dar cunha interacción directa co medio natural.

Todo isto relacionado coa interacción co medio social, do máis próximo e persoal como é o núcleo familiar e o centro educativo ao máis amplo que exerce influencia cultural e social sobre o alumnado fomentando, nesa relación, a capacidade de autoregulación, a resolución pacífica de conflitos, convivir no respecto pola diversidade, identificando e comprendendo as emocións e respectando ás demais persoas.

Así, sen perder de vista a globalidade recollida no decreto curricular con respecto ás tres áreas, programamos dúas unidades por trimestre cujos contidos son seleccionados atendendo ás características do grupo e unha unidade transversal ao longo do curso relacionada con Proxecto Anual do Centro: Mar aberto.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.	1		1	1	1		1	
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.	1		1	1	1		1	
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.	1			1				1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.	1	1		1		1		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Remando xuntos	<p>Esta unidade trata a volta á escola ou ingreso do alumnado de nova incorporación. Supón un cambio importante para eles, polo que partiremos dun plan de acollida no que prime a estabilidade emocional, os seus afectos, as relacións sociais, as dinámicas de grupos, actitudes como: colaboración, axuda, amizade, respecto, ademais da adquisición de: normas, rutinas e hábitos, fundamentais na escola para a súa dinámica diaria e as relacións entre membros dun grupo social.</p> <p>Polas peculiaridades do noso colexio, tentaremos que os nenos e nenas cheguen a ter sentimento de pertenza ao CRA.</p> <p>Polo que esta temática é traballada de forma transversal durante todo o curso, relacionando e completándoa con diferentes unidades e proxectos que programamos. Realizamos actividades nas que coñezan os compañeiros/as, titoras e especialistas, os espazos, instalacións e contorna, a nosa mascota Bufiña, tamén realizaremos festas e saídas conxuntas e outros tipos de actividades internivelares.</p>	30	X		
2	Eu son así	<p>Esta unidade céntrase no descubrimento, coñecemento e control do noso corpo, tanto a nivel físico como afectivo-emocional. De forma que cheguen a ter unha imaxe positiva deles e favorezcan o seu crecemento e benestar. Evitando prexucios e hábitos sexistas traballando na igualdade de xenero e a diversidade persoal. Teremos en conta as súas emocións e sentimentos, así como valores de respecto, tolerancia e igualdade.</p> <p>Poderemos plantexar nesta unidade, todo tipo de proxectos e propostas de aprendizaxe onde o alumno/a parta sempre do seu autocoñecemento,</p>	35	X		

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Eu son así	<p>executando actividades de todo tipo relacionadas co corpo humano, adquirindo os coñecementos e vocabulario relacionado con esta temática: as súas función, singularidades, coñecemento e expresión de emocións.</p> <p>Ademais promoveremos actitudes e hábitos saudables (descanso, hixiene, alimentación, exercicio físico) éstos axudaranlle a aumentar a súa autonomía e medrar de forma san.</p>	35	X		
3	Arte miúda	<p>Nesta unidade acercaremos os nenos e nenas o mundo das artes e das diferentes manifestacións artísticas, empregando todo tipo de linguaxes e formas de expresión para poder chegar a unha educación integral. Sendo unha forma de expresión do seu mundo interior e maneira de ver o mundo exterior que lle rodea.</p> <p>Trátase dunha unidade estimulante para os nenos e nenas desta idade, xa que poden desenrolar a súa creatividade e imaxinación, experimentando con materiais e técnicas suxerentes para eles. Propoñendo actividades onde prime o goce e disfrute.</p> <p>Ademais será un medio para acercarnos a diferentes manifestacións culturais, os autores e as súas obras e realizaremos visitas a museos, exposicións, representacións musicais</p>	30	X		
4	A vida arredor do mar	<p>Esta unidade centrarámola na pertenza do alumnado a unha sociedade, identificándoos como persoas pertencentes a un grupo social.</p> <p>Os contidos estarán relacionados coa organización social, as relacións, manifestacións culturais, tanto das sociedades actuais como históricas.</p> <p>Afondaremos na estruturación do tempo o que brinda oportunidades para facer comparacións dos cambios das persoas, traballos, lugares e de cómo foron cambiando ó longo dos distintos momentos históricos e as diferentes sociedades e culturas.</p> <p>As actividades desenvolveranse a través do xogo simbólico para percibir, comprender e interiorizar outras formas de vida na súa propia persoa. Realizaremos investigacións e obradoiros, visita a museos, participación familiar, minimundos; coas que afiancen as súas aprendizaxes de forma lúdica.</p> <p>Ademais de fomentar actitudes de respecto, tolerancia e comprensión dos costumes e diferenzas das sociedades e culturas. Entendendo que a interculturalidade é un aspecto moi enriquecedor.</p>	35		X	

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Mergúllate	<p>O contacto coa natureza é un dos pilares do noso C.R. A., pola nosa situación e os diferentes espazos das nosas escolas, permitíndonos achegarnos a ela dun xeito máis fácil e máis cercano.</p> <p>Así que poderemos traballar nesta categoría, proxectos relacionados co mundo vexetal e natural, sempre observando e descubrindo á natureza, traballando a través de talleres e propostas que favorezan o achegamento e desfrute dos distintos aspectos do mundo vexetal. A manipulación e experimentación activa por medio de todos os sentidos favorecerá a ampliación dos coñecementos do alumnado sobre este ámbito e potenciará a responsabilidade, respecto e sostibilidade en todos eles.</p>	30		X	
6	Quen vive aí?	<p>Con esta unidade achegaremos o alumnado o mundo animal. Os animais son un dos elementos da contorna natural máis significativos e estimulantes para eles/as. @s nen@s amosan moita curiosidade por coñecer as principais características dos animais, especies, o seu hábitat, alimentación, o que nos permite, a súa vez, reflexionar sobre os beneficios que aportan á sociedade, asentar as bases do coidado e do respecto polos seres vivos, así como da importancia da sostibilidade para o futuro do planeta.</p>	30			X
7	Mar aberto	<p>En esta unidade, de carácter anual , uniranse dous grandes obxectivos: por unha banda o coñecemento da contorna máis próxima, a través do estudo e investigación dos diferentes elementos do mar atendendo a súa composición, actividades e flora e fauna e por outra banda o coidado medio marino e o respecto polo medio ambiente.</p>	90			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Remando xuntos	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Explora os atributos de diferentes obxectos a través da manipulación	TI
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Recoñece algún cuantificador básico.	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Iniciase nas habilidades de cálculo e recoñecemento dos números.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Recoñece algunha forma xeométrica básica.	
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Sitúa o propio corpo segundo o espazo e os obxectos presentes.	
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Representa graficamente a súa situación no espazo.	
CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Participa en actividades manipulativas de calquer tipo.	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Identifica nocións temporais básicas.	
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Emprega o corpo para facer medicións sinxelas.	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Deseña solucións para resolver diferentes situacións problemáticas e/ou retos.	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	Adapta o seu comportamento para superar situacións problemáticas.	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	Emprega estratexias, con axuda , e diseña solucións para resolver retos.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Participa en actividades de resolución de tarefas analóxicas e dixitais.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participa en propostas cooperativas e valora as aportacións alleas.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Participa en actividades STEAM.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Recoñece situacións perxudiciais para o medio natural.	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	Recoñece familia e escola como principais fontes de benestar afectivo.	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Relacionase con algunha persoa da súa contorna.	
CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.	Identifica diferentes modelos de familia e parentesco.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Identificación das nocións topográficas básicas no plano. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros. - Relacións de parentesco. - A escola. - O barrio e o concello: servizos, características e funcións.

UD	Título da UD	Duración
2	Eu son así	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas.	TI
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Participa nalgunha festa ou tradición, propia ou allea.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Recoñece algún elemento ou personaxe do patrimonio cultural galego.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros. - Relacións de parentesco. - A escola. - O barrio e o concello: servizos, características e funcións. - Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero. - Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
3	Arte miúda	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Participa activamente en actividades de observación. formulación de preguntas e experimentación.	TI
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Participa en actividades de descubrimento dos elementos máis identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Participa nalgunha festa ou tradición propia ou allea.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Recoñece algún elemento ou personaxe do patrimonio cultural galego.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos. - Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes. - Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos). - Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega. - Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.

UD	Título da UD	Duración
4	A vida arredor do mar	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Participa activamente en actividades de observación, formulación de preguntas e experimentación.	TI
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Identifica algún fenómeno natural e os seus efectos.	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Participa en actividades de descubrimento dos elementos máis identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Participa nalgunha festa ou tradición propia ou allea.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Recoñece algún elemento ou personaxe do patrimonio cultural galego.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. - Habilidades do pensamento computacional. - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos. - A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.

UD	Título da UD	Duración
5	Mergúllate	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
--------------------------------	-------------------------------	-----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Participa activamente en actividades de observación, formulación de preguntas e experimentación.	TI
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas.	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	Diferencia seres vivos e inertes.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Respecta e valora os seres vivos do seu entorno e contribúe ao seu coidado.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. - Habilidades do pensamento computacional. - Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos). - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - Os seres vivos e as súas características. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.

UD	Título da UD	Duración
6	Quen vive aí?	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Participa activamente en actividades de observación , formulación de preguntas e experimentación.	TI
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas.	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	Diferencia seres vivos de inertes.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Respecta e valora os seres vivos do seu entorno e contribue ao seu coidado.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. - Habilidades do pensamento computacional. - Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos). - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - Os seres vivos e as súas características. - A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos.

Contidos
- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.

UD	Título da UD	Duración
7	Mar aberto	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Identifica algún fenómeno natural e os seus efectos.	TI
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Participa en actividades de descubrimento dos elementos máis identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Diferencia algunhas profesións da súa contorna.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Participa nalgunha festa ou tradición propia ou allea.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Recoñece algún elemento ou personaxe do patrimonio cultural galego.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros. - O barrio e o concello: servizos, características e funcións. - Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero. - Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega. - Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Tal e como recollen as orientacións do currículo desta etapa, a metodoloxía que nos permite poñer en práctica esta programación, ha de ter en conta a globalidade e significatividade das aprendizaxes, evitando caer na segmentación das mesmas e permitindo ao alumnado adquirir unha visión integral do mundo que os rodea.

Porén, aínda tendo en conta que ámbalas tres áreas curriculares non poden ser tratadas de xeito illado, facemos referencia aos aspectos metodolóxicos que se relacionan coa Área de Descubrimento e Exploración da Contorna.

Os contidos desta área han de ser tratados mediante actividades que provoquen a curiosidade e o asombro, característicos destas idades, e capaces de xerar unha motivación intrínseca que suscite o seu interese. Propoñendo actividades iniciais provocadoras, actividades de desenvolvemento constructivistas e un produto final reflexo da construción individual da propia aprendizaxe.

Para o desenvolvemento das mesmas, combinamos o traballo individual, o pequeno grupo, priorizando o traballo colaborativo e cooperativo, e o gran grupo.

Pero un dos aspectos que definen a nosa identidade como CRA é a aposta por actividades de agrupamento internivelar, que promova a aprendizaxe entre iguais, a colaboración, o respecto polas demais persoas.

Deste xeito os espazos son estruturados en ambientes, zonas e recantos nos que prima a experimentación, a manipulación o pensamento crítico e a iniciación no método científico. Crear espazos de confianza, ricos en afectos e que promovan a iniciativa persoal é unha das ferramentas que permitirán ao noso alumnado acadar as capacidades e habilidades propias desta área.

Polos propios obxectivos seleccionados, temos moi presente a importancia dos espazos exteriores para o coñecemento e contacto directo cos elementos físicos, naturais e sociais que conforman a nosa contorna. É por isto que, alén do aproveitamento do espazo exterior do centro, neste curso primaremos as saídas ao exterior combinando o contacto e respecto polo medio natural, a experimentación cos elementos físicos da contorna, o coñecemento do tecido sociocultural máis próximo, os hábitos saudables e o autocoidado.

Facer estas actividades conxuntas entre as escolas, ten entre os seus fins reforzar o espírito de unidade, o sentimento de escola e a convivencia, como parte dos nosos principios como CRA, dada a situación de dispersión na que se atopan as escolas.

Realizamos actividades e propostas de entidade matemática e científica a partir de elementos procedentes da natureza, apostando así pola interacción real e a significatividade. As propostas como ABN, minimundos, o recanto científico e as rutinas propias de cada aula son exemplos de como os materiais e elementos naturais non estruturados se convirten en ferramenta educativa significativa e libre de estereotipos.

Isto sen entrar en contradición co uso de ferramentas STEAM, facilitadoras do pensamento computacional, lóxico e científico coas que promovemos a cooperación, as actitudes de respecto e a coeducación na nosa aula, e as tecnoloxías como fonte de información e investigación.

A planificación das Unidades didácticas, entendidas como secuencias de aprendizaxe de actividades interconectadas e secuenciadas do máis simple ao máis complexo, ten en conta o Diseño Universal da Aprendizaxe. Deste modo, coa flexibilidade de tempos espazos e dificultade, poden ser desenvolvidas por alumando con características psicoevolutivas diferentes, aplicables a diversos ritmos de aprendizaxe e intereses variados, dentro da heteroxeneidade propia do alumnado.

Unha das características que define a esta metodoloxía é a promoción de relacións fluídas e continuadas coas familias, o que permitirá unificar criterios e pautas de actuación entres as persoas adultas que interveñen na educación do alumnado.

Tamén fomentamos a presenza e participación das familias nun proceso de colaboración activa.

Xa por último cabe destacar que este modelo metodolóxico está impregnado dos aspectos propios da educación emocional. Procurar o equilibrio psico-emocional do alumnado, crear ambientes afectivamente significativos, que prime a empatía sobre o individualismo ou identificar e xestionar emocións propias e alleas desde o respecto e a comprensión son os ingredientes desta programación cos que o alumnado pode adquirir as habilidades precisas para o seu desenvolvemento integral.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: ordenador de aula, tablet, proxector, conexión a internet, robots (escornabot, beebot, mouse, doc), reproductor musical
Material funxible: convencionais (folios, pinturas, rotuladores, ceras, etc) e de refugallo (tapóns, corchos, envases, cartóns, carretes, etc)
Material sensorial: mesa de luz, bandexas sensoriais (area, fariña, arroz)
Material visual: carteis, bits, láminas, fotos, pictogramas, etc...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes, kamisibai, títeres, teatrillo, etc
Materail de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, xogos de equilibrio, picas, etc
Material non estruturado: elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico
Instrumentos musicais
Recursos humanos : Alumnado, persoal docente e non docente, familias e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas, talleres, obradoiros etc)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido : todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea (parques, Biblioteca Concello, bosque etc)
Xogos de mesa

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Entendemos a avaliación inicial como comezo do proceso educativo que nos permite a planificación da nosa intervención a partir da análise, tanto do momento de desenvolvemento individual do alumnado como das necesidades do grupo. Nas primeiras do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

Esta avaliación inicial se levará a cabo unha vez superado o período de adaptación e tendo en conta a información obtida durante este período, pero se agardará a que o alumno se amose adaptado ás rutinas e a realidade da aula..

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución de criterios para cada unidade, ou aspecto concretomsegundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación (sen dificultade, en proceso, con dificultade) de forma que o alumno/a obterá a súa cualificación en función do grado de cosecución observado pola mestra ou mestre.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

A Orde do 8 de Setembro de 2021 considera a diversidade como un valor, o que significa non só valorar as diferenzas, senón tamén aproveitar todas as potencialidades de cada persoa para que todas e cada unha se sintan plenamente incluídas e contén cos espazos de participación e desenvolvemento aos que a súa condición humana lles dá dereito.

Así mesmo define o sistema educativo plenamente inclusivo e de calidade como aquel que garanta a atención de cada alumna e de cada alumno segundo a súa realidade persoal e social.

E xa por último asevera que o deseño universal para a aprendizaxe (DUA) ten como finalidade lograr a inclusión efectiva de todo o alumnado, con independencia da súa diversidade asegurando que o currículo sexa planificado e posto en práctica de tal forma que non supoña impedimento nin barreira para as persoas no desenvolvemento das súas competencias.

Así pois coa diversidade, a inclusión e o DUA, poñemos en práctica a presente programación coas medidas ordinarias que nos permitan atender á diversidade do grupo, tais como:

- Flexibilizar os tempos de acollida, desenvolvemento, descanso e actividade, atendendo aos ritmos persoais e que lles permitan integrarse da forma máis favorable nas dinámicas do grupo aula.
- Crear espazos estimulantes nos que prime a experimentación e os diferentes niveis de dificultade para atender ao maior número de necesidades. Estes serán afectivamente significativos para propiciar as relacións e que permitan a TEI.
- Valorar e reforzar a educación emocional, con atención individual e reforzo tendente a potenciar o autoconcepto, cunha imaxe real e axustada e axudando a superar os medos e as frustracións
- Levar a cabo a estimulación da linguaxe e a creatividade nas rutinas de aula favorecendo a participación e a expresión por diferentes medios.
- Seleccionar os elementos curriculares relacionados cos aspectos que mellor se adapten aos criterios de interés e significatividade para grupo aula como medio para

- alcanzar os obxectivos da etapa e a consecución das competencias clave.
- Estructurar e secuenciar as actividades, empregar linguaxe simple e clara complementando, de ser preciso, con apoios visuais para facilitar a comprensión das tarefas.
 - Potenciar o uso responsable das TIC como instrumento para a investigación e a construción de aprendizaxes
 - Formar os agrupamentos que permitan o traballo cooperativo e colaborativo e o reforzo individual de se-lo caso.
 - Levar a cabo unha avaliación individualizada, cos instrumentos adaptados a cada proceso coa observación directa e sistemática como prioridade.

Valorar a importancia do proceso, dos logros e avances individuais atendendo ás características persoais, por enriba do resultado homoxéneo.

En canto ás medidas ordinarias e extraordinarias referidas ao alumnado NEAE dependente do D.O, estas serán coordinadas e adaptadas en estreita colaboración coas persoas especialistas que interveñan na aula, e executadas tras a avaliación inicial que permite o seu deseño e seguimento.

Sen esquecer que a atención á diversidade real baséase na estreita colaboración e coordinación coas familias, chegando a un punto de entendimento nas actuacións individuais que nos permitan unha acción conxunta e coherente para o logro do desenvolvemento integral e positivo do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Hábitos de control corporal		X					
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos					X	X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable					X		
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Alimentación e hábitos de vida saudable	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Grupos interactivos	Ao longo do curso poderá vir unha persoa familiar do alumnado ou algún profesional para realizar actividades en grupos interactivos.	X	X	X
Saída de campo	Durante este curso faremos saídas para afondar no traballo de aula (Limpeza de praia, bautismo de mar e visita ao acuario)	X	X	X
Obradoiros	Realizados polo Concello ou outras entidades para traballar educación en valores, acehagamento a nosa cultura...			X
Proxectos medioambientais	Participando no programa edu-sostibilidade.	X	X	X
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso (Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas, etc)	X	X	X
Saídas fin de curso	Actividade de carácter lúdica pensada para gozar dun día na praia.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Elementos curriculares presentes nas actividades
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados
Temporalización de actividades adecuadas
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Metodoloxía empregada
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilízase diversidade de materiais para acceder á información, para expresarse e para fomentar a motivación.
Empréganse diversos recursos didácticos.

Medidas de atención á diversidade
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades
Individualización do proceso segundo as características de cada alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente.
Promóvese a participación das familias.

Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso de ensinanza e así poder modificalo e melloralo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación se valorará a través da realización dunha rúbrica na que se puntuarán os indicadores citados anteriormente.

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en Infantil ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados